

LISTA DE ASISTENTES

Manuel García Sánchez (Coordinador)

Cristina López Bravo (Secretaría)

Martín Llamas Nistal

Mónica Fernández Barciela

Alberto Gil Solla

Roberto López Valcarce

EXCUSAN ASISTENCIA

M^a Soledad Torres Guijarro

Rebeca P. Díaz Redondo

José Ramón Fernández Bernárdez

Acta da sesión ordinaria da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, **de dez de setembro de dous mil dezanove**, reunida ás 11:00h, na Sala A010 (acristalada) da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O martes, día 10 de setembro de 2019, ás 11h, da comezo a sesión ordinaria de Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida polo catedrático D. Manuel García Sánchez, e actuando como secretaria a profesora Dna. Cristina López Bravo.

A orde do día contén os seguintes puntos:

1. Informe do coordinador.
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
3. Aprobación, se procede, da admisión a trámite da Tese de Anxo Tato Arias; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
4. Aprobación, se procede, dos criterios de selección para o curso de inglés.
5. Asuntos de trámite.
6. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Informe do coordinador.

O coordinador informa sobre o estado do proceso de acreditación. Indica que toda a documentación requirida foi entregada en prazo e que está previsto que a entrevista sexa na segunda quincena de outubro (está por determinar se a entrevista será presencial ou por videoconferencia).

Así mesmo, o coordinador informa sobre o estado da prescrición no programa que remata en dous días. Ata o de agora prescribíronse 11 estudantes, e está previsto que se prescriban a lo menos outros dous do doutorado industrial (un total de catro). Nestes momentos hai solicitudes tanto de alumnos estranxeiros como de alumnos da Universidade de Vigo. A lista provisional de admitidos publicarase o 20 de setembro e a lista provisional o día 30 de setembro.

O próximo xoves, día 12 de setembro, terá lugar o primeiro seminario do curso a cargo da Dra. Meryem Erbilek (Cyprus International University, Cyprus).

Por último, o coordinador indica que se detectou que aínda hai 25 estudantes do programa que non aportaron a xustificación sobre o seu nivel de inglés (que debe ser un B1 ou superior). Enviaráselles un correo, para recordarlles que deben presentar dita xustificación o antes posible, e antes de que remate o seu primeiro ano no programa.

Punto 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbanse, por asentimento, a acta da sesión do 24 de xullo de 2019.

Punto 3.- Aprobación, se procede, da admisión a trámite da Tese de Anxo Tato Arias; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.

Apróbese a derradeira versión do Plan de Investigación do alumno Anxo Tato Arias.

Apróbese a avaliación anual do alumno correspondente ao curso 2018/19.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento con “**Mención Internacional**”. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2015/16 ate o 2018/19. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade Obrigatoria	Evidencias do documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación.	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2015/16, tal e como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional.	Ten un artigo aceptado e outro enviado a unha revista científica internacional segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
3. Envío de artigos a congresos científicos.	Ten feito unha comunicacións segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”
4. Estadía mínima de tres meses fora de España nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio.	Ten realizado unha estadías, que supera os tres meses: -Do 15/01/18 ó 15/05/18 - Universidad de Luxemburgo

Apróbase a admisión a trámite da Tese de Anxo Tato Arias, titulada “*Link adaptation techniques for future terrestrial and satellite communications*” dirixida polo profesor Carlos Mosquera Nartallo.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	López Valcarce, Roberto	Universidade de Vigo	Presidente/a
2	Lagunas Targarona, Eva	University of Luxembourg	Secretario/a
3	López Martínez, Francisco Javier	Universidad de Málaga	Vocal
4	Vázquez Castro, María Ángeles	Universitat Autònoma de Barcelona	Suplente
5	Knopp, Andreas	Bundeswehr University Munich	Suplente
6	Pérez González, Fernando	Universidade de Vigo	Suplente

Punto 4. Aprobación, se procede, dos criterios de selección para o curso de inglés.

Tras recibir a autorización para a realización do curso de inglés que terá lugar entre o 2 de outubro e o 14 de decembro de 2019, apróbanse por asentimento os criterios de acceso ao devandito curso, sendo os seguintes:

- En primeiro lugar, terase en conta o nivel de inglés acreditado polo alumno.
- En segundo lugar, o tempo transcorrido dende a última vez que o alumno participou noutros cursos de inglés organizados dentro programa. A maior prioridade será a dos alumnos que non tiveran participado con anterioridade.
- En terceiro lugar, terase en conta a antigüidade no programa, tendo maior preferencia os alumnos con mais antigüidade.

Punto 5. Asuntos de trámite.

Apróbase a solicitude de prorroga fora de prazo do alumno David Álvarez Outerelo.

Apróbase a solicitude de baixa definitiva no programa de doutoramento DocTIC do alumno Borja Varela Brea.

Apróbase a solicitude de cambio de dedicación a TP do alumno Luis Antonio López Valcárcel para o curso 2019/20.

Apróbase o nova versión do plan de investigación da alumna M^a Rocio Moure Fernández.

Apróbase o recoñecemento das seguintes actividades formativas:

- Alumno: Héctor Cerezo Costas

- Actividade: Comunicacions en congresos internacionais
 - Título da comunicación: Relation Extraction for Knowledge Base Completion: A supervised approach
 - Nome do congreso: European Semantic Web Conference (ESWC) 2018
- Alumna: Silvia García Méndez
 - Actividade: Artigos en revistas internacionais
 - Silvia García-Méndez, Milagros Fernández-Gavilanes, Enrique Costa-Montenegro, Jonathan Juncal-Martínez, F. Javier González-Castaño, "A library for automatic natural language generation of spanish texts", Expert Systems with Applications, ISSN: 0957-417.
 - Actividade: Estadías noutras universidades/centros de investigación
 - Nome da institución: CLAN Research Group - University of Aberdeen
 - Titor no destino: Ehud Reiter
 - País: Scotland
 - Data de inicio: 02/07/2018
 - Data de finalización: 02/10/2018
- M^a Rocío Moure Fernández
 - Actividade: Artigos en revistas internacionais
 - Título: "A Systematic Investigation of Admittance Domain Behavioral Model Complexity Requirements for PA Design"
 - Autores: M. Rocío Moure, Michael Casbon, Nicolas Ladero, Monica Fernandez-Barciela, Paul J. Tasker.
 - Estado: Enviado
 - Actividade: Comunicacions en congresos internacionais
 - Título da comunicación: Direct Extraction of an Admittance Domain Behavioral Model from Large-Signal Load-pull Measurements
 - Nome do congreso: International Microwave Symposium (IMS)
 - Actividade: Comunicación en congresos internacionais
 - Título da comunicación: A Systematic Investigation of Behavioural Model Complexity Requirements
 - Nome do congreso: European Microwave Integrated Circuits Conference (EuMIC). European Microwave Week (EuMW).

Non procede a aprobación das seguintes actividades por non formar parte do conxunto de actividades recoñecidas polo programa:

- Alumna: M^a Rocío Moure Fernández
 - Actividades: Participación en proxectos de investigación como investigador
 - Actividades: Comunicacions en congresos nacionais
 - Actividades: Outras publicacións

Apróbase a proposta de tribunal para a avaliación tese da alumna Tamara Álvarez López formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	Lloret Pastor, Elena	Universidade de Alicante	Presidente/a
2	Burguillo Rial, Juan Carlos	Universidade de Vigo	Secretario/a
3	Sagot, Benoît	INRIA (Institut National de Recherche en Informatique et en Automatique)	Vocal
4	López Bravo, Cristina	Universidad de Vigo	Suplente
5	Lin, Chenghua	University of Aberdeen	Suplente
6	Fernández García, Norberto	Centro Universitario de la Defensa en la Escuela Naval Militar	Suplente

Punto 6. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

A Secretaria

O Presidente

Cristina López Bravo

Manuel García Sánchez